

**Proposta de adxudicación relativa á contratación administrativa de servizos para o mantemento dos ascensores e o elevador da tribuna do Hemiciclo.**

Con data 30 de decembro de 2013, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa de servizos para o mantemento dos ascensores e o elevador da tribuna do Hemiciclo mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e un valor estimado de 27.707,00 €.

O 30 de xaneiro de 2014 cursouse invitación para participar na contratación ás seguintes empresas que, dentro do prazo concedido, presentaron no Rexistro da Cámara as súas respectivas proposicións:

- Ascensores Enor, s.a.
- Schindler s.a.
- Zardoya Otis, s.a.
- Thyssenkrupp Elevadores, s.l.u

Segundo se pon de manifesto no informe do servizo de Réxime Interior, analizados os sobres B presentados polas empresas concorrentes, coa documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, adxudicouselles a seguinte puntuación:

	Ascensores Enor, s.a.	Zardoya Otis, s.a.	Schindler s.a.	Thyssenkrupp Elevadores, s.l.u.
calidade do servizo ofrecido	7,5	10	15	12
planificación das revisións	15	15	5	15
equipo técnico de traballo	4	5	5	5
dispoñibilidade de repostos	1	7,5	7,5	7,5
comunicacións de incidencias	0	2,5	2,5	2,5
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	<b>27,5</b>	<b>40</b>	<b>35</b>	<b>42</b>

As ofertas presentadas nos sobres C polas empresas participantes e a correspondente puntuación obtida segundo as fórmulas establecidas no punto 15 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas foron as seguintes:

a.- Prezo: de 0 a 40 puntos:

Empresas concorrentes	Prezo ofertado (sen IVE)	Puntuación
Thyssenkrupp Elevadores, s.l.u.	8.400,00 €	<b>25,43</b>
Schindler s.a.	5.275,20 €	<b>40,00</b>
Zardoya Otis, s.a.	8.630,00 €	<b>24,36</b>
Ascensores Enor, s.a.	9.890,00 €	<b>18,48</b>

b.1.- Tempo de resposta no caso de urxencia (máximo 0,45 minutos): ata 10 puntos:

Empresas concorrentes	Tempo ofertado (en minutos)	Puntuación
Thyssenkrupp Elevadores, s.l.u.	30´	<b>3,33</b>
Schindler s.a.	15´	<b>6,67</b>
Zardoya Otis, s.a.	10´	<b>10,00</b>
Ascensores Enor, s.a.	30´	<b>3,33</b>

b.2.- Tempo de resposta no resto de incidencias (máximo 4 horas): ata 5 puntos.

Empresas concorrentes	Tempo ofertado (en minutos)	Puntuación
Thyssenkrupp Elevadores, s.l.u.	120´	<b>0,63</b>
Schindler s.a.	15´	<b>5,00</b>
Zardoya Otis, s.a.	15´	<b>5,00</b>
Ascensores Enor, s.a.	60´	<b>1,25</b>

Polo tanto a puntuación obtida polas empresas segundo os criterios de adxudicación da cláusula novena do prego de cláusulas administrativas, foron as seguintes:

EMPRESA	Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	Criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas	Puntuación Total
Thyssenkrupp Elevadores, s.l.u.	42	29,39	<b>71,39</b>
Schindler s.a.	35	51,67	<b>86,67</b>
Zardoya Otis, s.a.	40	39,36	<b>79,36</b>
Ascensores Enor, s.a.	27,50	23,06	<b>50,56</b>

Á vista da proposta da Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior e logo da fiscalización do Interventor Xeral, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 18 de marzo de 2014, Acordou:

1º) Clasificar por orde decrecente as ofertas presentadas:

- 1º Schindler S.A.
- 2º Zardoya Otis, S.A.
- 3º Thyssenkrupp elevadores, S.L.U.
- 4º Ascensores Enor, S.A.

2º) Dado que a teor do establecido na cláusula décimo terceira do prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, a oferta económica presentada pola empresa clasificada en primeiro lugar, Schindler S.A., incorría e baixa anormal ou desproporcionada, concederlle á dita empresa un prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do requirimento, para que xustificara a valoración da oferta e precisara as condicións da mesma.

Con data 26 de marzo de 2014, dentro do prazo concedido, a empresa Schindler S.A. presenta escrito motivando a oferta económica presentada. Á vista das alegacións presentadas, o servizo de Réxime Interior informa que a empresa xustifica debidamente a valoración da súa oferta e concreta as solucións técnicas e as condicións favorables de que dispón, que lle permiten o aforro de custos na execución do contrato sen menoscabo da prestación do servizo e do respecto ás disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo.

Vistos os informes do Servizo de Réxime Interior e da Intervención xeral da Cámara, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 7 de abril de 2014, acordou:

Admitir a oferta presentada pola empresa Schindler S.A. por xustificar debidamente a oferta presentada e requirirlle para que presente no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do conseguente requirimento, a documentación esixida na base décima, apartado 2 do prego de cláusulas administrativas, para proceder á adxudicación do contrato.

Dito Acordo da Mesa do Parlamento foi notificado electronicamente e recibido pola empresa o 11 de abril de 2014.

O 22 e 24 de abril de 2014 a empresa Schindler S.A. presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (registro nº 22471), incluíndo constitución de sendas garantías definitiva e complementaria, mediante os avais nº 0333545 e 0333788, respectivamente, da entidade Bankinter por importe de 263,76 € cada un deles.

En consecuencia, propónse á Mesa do Parlamento de Galicia a adxudicación do contrato administrativo de servizos para o mantemento dos ascensores e o elevador da tribuna do Hemiciclo, á empresa **Schindler S.A.** polos seguintes importes:

- Prezo: .....	<b>5.275,20 €.</b>
- 21% IVE: .....	<b>1.107,79 €.</b>
- Total: .....	<b>6.382,99 €.</b>

Santiago de Compostela 25 de abril de 2014.

Vº e prace  
Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado Oficial Maior



Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior

Mesa do Parlamento de Galicia